

ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VEINTE DE ABRIL DE DOUS MIL DEZAOITO

Na Casa do Concello de Valdoviño (no Salón de Sesións Plenarias) reúnese no día vinte de abril de dous mil dezaeito a Corporación deste Concello para celebrar a sesión de carácter ordinario mensual con comezo ás vinte horas en primeira convocatoria. Preside a sesión o Sr. Alcalde don Alberto González Fernández, á que asisten os/as concelleiros/concelleiras que se citan: Dona Rosa Ana García López, don Benito Manuel Vega Fernández, don Sergio Saavedra Gutiérrez, dona Jessica Sabín Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa (PSdeG- PSOE); don José Antonio Vigo Lago, don Esteban García Alonso, don Jose Antonio Rodríguez Fernández e dona M^a Cristina Freire Aneiros do Partido Popular (PP); don Luís Manuel Beceiro Rodríguez de Centristas de Valdoviño (CENVAL); don Manuel Javier Bacorrelle Robles de Unidos por Valdoviño (U POR V), don Carlos Alberto Ameneiros Serantes de Bloque Nacionalista Galego (BNG).

Asistidos da secretaria municipal, Carlota González Navarro e da interventora municipal, Gema Leal Insua.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no debate dos asuntos incluídos na ORDE DO DÍA, adoptándose os seguintes acordos:

I) PARTE DISPOSITIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE BORRADORES DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES: 12.03.18 (EXTRAORDINARIA E URXENTE); 16.03.18 (ORDINARIA).-

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión do 12.03.18 (non acudir o Sr. Ameneiros Serantes, quen polo tanto non vota), acordou a aprobación do borrador da acta da dita sesión.

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión do 16.03.18 (non acudir o Sr. Saavedra Gutiérrez, quen polo tanto non vota), acordou a aprobación do borrador da acta da dita sesión.

2º.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO MUNICIPAL DE 2018, AO QUE SE INCORPORA A PLANTILLA E O ANEXO DE PERSOAL.-

PROPOSTA DA ALCALDÍA, ditaminada favorablemente pola comisión informativa de Planificación Territorial e Xestión Administrativa, en data 16.04.18:

“Examinado pormenorizadamente o expediente tramitado para a aprobación do Orzamento desta entidade para o exercicio de 2018, formado pola Alcaldía deste concello, que contén os documentos que preceptúan os artigos 164, 165 e 166 do Real decreto-lexislativo, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e concordantes do R.D. 500/1990, do 20 de abril, así como incorporada a plantilla de persoal desta Corporación, que segundo os artigos 90.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril e 126.1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, establecen que deberá comprender tódolos postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual, e que se aprobará anualmente con ocasión da aprobación do Orzamento.

Visto o informe emitido pola intervención desta corporación, no que analiza o proxecto de orzamento para o ano 2018, sinalando entre outras cuestións a obriga de crear un posto de Tesoureiro/a reservado a funcionario da Administración Local conforme se determina no artigo 92 da LBRL, esta Alcaldía propón ó Pleno que adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o límite de gasto computable non financeiro para o Orzamento do Concello de Valdoviño para o exercicio 2018 por importe do límite máximo (3.100 853,20 €) tendo en conta as estimacións de informe de avaliación de cumprimento referidos a execución do exercicio 2017.

SEGUNDO.- Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal do Concello de Valdoviño para o exercicio 2018 en superávit; previsións de ingresos 6.124.741,00 €, e 5.790.375,00 € no estado de gastos, así coma toda a documentación e anexos a él incorporados, asignándose a cada un dos capítulos as seguintes cantidades de previsións iniciais.

GASTOS	IMPORTE	INGRESOS	IMPORTE
1. G. persoal	1.198.344,00	1. Imp directos	1.404.500,32
2. G. bes y serv	2.884.749,00	2. Imp indirectos	50.000,00
3. G. financeiros	4.000,91	3. Taxas y prec pub	1.100.100,00
4. Transf corrent	336.216,00	4. Transf correntes	2.516.231,96
		5. Ing patrimon	12.000
Total op. correntes	4.588.309,91	Total op correntes	5.082.832,28
6. G. inversións	1.110.215,09	6. Enax inversiones	0
7. Transf capital	6.850,00	7. Transf capital	841.408,72
8. Activ financ	10.000,00	8. Activ financ	10.000
9. Pasiv financ	75.000,00	9. Pasiv financ	-
Total op capital	1.202.065,09	Total op capital	190.500
TOTAL GASTOS	5.790.375,00	TOTAL INGRESOS	6.124741,00

TERCEIRO.- Aprobala Plantilla de Persoal e as remuneracións do personal municipal para o exercicio de 2018, conforme se recollen na documentación que obra no expediente, e tendo en conta o remate da aplicación do réximen transitorio previsto ata finais do exercicio 2016 que permitía que as funcións de Tesoureiría sexan desenvoltas por funcionario de carreira do Concello, dase conta de que en breve se procederá a aprobar a modificación da relación de postos de traballo para valorar o novo posto a crear e reorganizar os servizos económicos e se iniciarán os trámites para formar unha agrupación voluntaria de concellos para o sostemento do posto de Tesoureiría.

CUARTO.- Aprobala Bases de Execución de dito orzamento.

QUINTO.- Expoñelo ó público mediante anuncio no BOP, de conformidade co disposto no artigo 169.1 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, polo prazo de quince días hábiles, para que os interesados pidan examinalo e presentar reclamacións.

SEXTO.- Si durante dito prazo non se presentaran reclamacións, o Orzamento Municipal considerarase definitivamente aprobado, de conformidade co disposto no artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e entrará en vigor unha vez publicado o resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia.

SÉTIMO.- Remitir copia do Presupuesto definitivamente aprobado á Comunidade Autónoma e ó Ministerio de Facenda e Función Pública.

Valdoviño 11 de abril de 2018

O alcalde

Asdo.- Alberto González Fernández”

DELIBERACIÓN

/Neste punto incorporase á sesión o Sr. Bacorelle Robles/.

O Sr. Alcalde indica que o orzamento é un documento técnico elaborado pola intervención, sobor das diretrices do grupo de goberno.

Sr. Ameneiros Serantes.- Di que falou coa intervención sobor das subvencións e pide se reformen as bases para a contía das axudas. Considera que existe un agravio comparativo deste Concello por parte da Xunta, porque Valdoviño tivo que poñer en marcha o PAI cando noutros concellos coma por exemplo en Neda axudou a Xunta. Tamén di que se precisa minorar o importe do servizo e que a aplicación dos descontos ás familias no importe a pagar se faiga dende un primer intre e non ao rematar o ano.

O Sr. Alcalde e a Sra. García López remarcan que estiveron falando deste tema esta mesma semana e igualmente das subvencións de material escolar e outras; e que se solicitou ao Consorcio axudas para estos fins.

Que este grupo de goberno incrementou axudas nos servizos sociais e en cultura grazas ás axudas percebidas da Deputación Provincial e grazas ao empeño do propio Concello e que en canto á persoal mantense a previsión, que houbo unha Mesa de negociación cos sindicatos e que se vai contratar persoal con axudas provintes da Deputación e da Xunta.

O Sr. Vigo Lago fai a observancia de que en ingresos figuran seis millóns e pico e en gastos aparecen consignados cinco millóns e pico, polo que pregunta se a previsión de ingresos é real; porque pode deberse ao que pasaba que no seu mandato, que se viña arrastrando unha previsión de ingresos que non eran reais.

Signala o Sr. Alcalde que o traballo de intervención é reguroso e serio pero que entende a pregunta.

A Sra. Interventora remite á memoria de Alcaldía onde se xustifican as cantidades e previsións, e que por exemplo o ano pasado algunha axuda xa estaba xerada cando se fixo o presuposto.

O Sr. Vigo sinala que en gastos, para agricultura e fomento de emprego non hai previsión, aparece 0, ao que responde o Alcalde que están incorporados no ámbito de servizos sociais e non directamente en política agraria.

Os concelleiros Vigo Lago e o García Alonso ven insuficiente a previsión de gastos para aforro enerxético, xustificando o Alcalde que o investimento de aforro enerxético vincúlase con subvencións (POS...) e que co superávit tamén se poden facer outras aplicacións no aforro enerxético.

Preguntan os concelleiros do PP anteditos, se entón ocorre o mesmo co mantemento de viais, ao que contesta o Sr. Alcalde, que efectivamente.

Pregunta o Sr. Vigo sobre gasto en aplicacións informáticas, para o que se consignan soio 5.000 euros e responde o Sr. Alcalde que a Xunta o ano pasado deu unha axuda económica para programas e equipos de 6000 euros e que asemade a Deputación vai quitar unha liña para administración electrónica (contratación de técnicos para posta en marcha desta Administración nos Concellos).

O Sr. García Alonso pon de manifesto o retraso na xestión urbanística (tardanza expedición calificacións urbanísticas sobre todo), cando hoxe existen aplicacións que permiten facelas de xeito inmediato).

Aclara o Sr. Alcalde que o técnico municipal entende que ten que realizalas de forma completa, non soio con datos que as aplicacións permiten obter.

Pregunta o Sr. García Alonso sobre posible camiño de Lagoa ao Faro.

Informa o Sr. Alcalde que se cursou solicitude para mellora de sinalización de rutas pola Costa (de Villarrube a Campleo); que se fixeron solicitudes (duas) ao Servizo de Conservación da Natureza.

Interesase o mesmo concelleiro, Sr. García, sobre axudas para os animais (recollida, control..), dicindo o Sr. Alcalde que as melloras feitas fixéronse no seo da Mancomunidade.

Pregunta o Sr. García si con subvención nominativa de 9000 euros se vai facer algo en canto ás praias, e di o Sr. González Fernández que houbo neste ano un continuo azoute de temporais en praias e que o Concello non capacidade abonda para actuar.

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por maioría acordou aprobar o orzamento municipal de 2018, conforme á proposta de Alcaldía e á documentación que compón o expediente do orzamento.

Votos favorables do grupo municipal do PSdeG-PSOE (6 votos) e do BNG (1 voto).

Abstención dos outros grupos municipais: PP (4 votos), CENVAL (1 voto), U POR V (1 voto).

3º.- APROBACIÓN INICIAL DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO NÚM. 2/2018.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA (ditaminada favorable na comisión informativa de Planificación Territorial e Xestión Administrativa en sesión do 16.04.18):

“**VISTAS** as facturas que se relacionan no anexo e que forman parte do expte REC PLENO 2/2018, que se inclúen na relación de facturas nº F/2018/7, conformada por 16 facturas de importe total bruto 7.189,27 €.

VISTO que as facturas que forman parte do anexo foron recibidas no rexistro de entrada do Concello con data do exercicio 2018, pero corresponden a servizos efectivamente realizados en anos anteriores, pero que non puideron ser aprobados nos exercicios nos que se prestou o servizo por non constar presentadas as facturas,

VISTO que o orzamento xeral para o exercicio 2018 prorrogado, non contempla crédito específico para o dito fin, sométese a aprobación do Pleno a aprobación das ditas facturas, sabendo que no proxecto de orzamento que se somete a aprobación contéplanse crédito para a cobertura do dito gasto.

Verificada a efectiva prestación dos servizos, e adecuada facturación de importes con referencia ao pactado, visto o informe emitido pola Intervención Municipal no que fai referencia a varios aspectos do recoñecemento extrajudicial de crédito,

PROPÓNSE:

PRIMEIRO.- Aprobar conforme ó artigo 60.2 do RD 500/1990 o recoñecemento extrajudicial de crédito (expte REC PLENO 2/2018) que se conforma pola relación de facturas nº F/2018/7, na que se inclúen 16 facturas de importe bruto total 7.189,27 € (verificase que o IVE da factura con nº de rexistro F/2018/479, non resulta repercutible, ou si resulta repercutible, aclaración que solicita a Intervención).

Aclarase pola Alcaldía que a emisión da factura se produce segundo o pactado coa empresa, polo que procede a repercusión do IVE.

SEGUNDO.- Que se de traslado da presente resolución os servizos de intervención para que realicen as anotacións contables necesarias e posteriormente a Tesoureiría para que proceda ao seu pagamento.

Valdoviño , 11 de abril de 2017.
O alcalde
Asdo. Alberto González Fernández”

Indica o Sr. Alcalde que se trata de facturas que non se tiñan pasado para aprobación e enumera de xeito resumido a relación das ditas facturas.

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por maioría resolveu aprobar a proposta de Alcaldía que antecede de recoñecemento extraxudicial de crédito núm. 2/2018.

Votos favorables dos grupos municipais do PSdeG-POSE (6 votos), BNG (1 voto), CENVAL (1 voto), que supoñen un total de 8 votos.

Abstención dos grupos municipais do PP (4 votos) e de U POR V (1 VOTO), que supoñen un total de 5 abstencións.

II) CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO

4º.- DAR CONTA AO PLENO DE DECRETOS DA ALCALDÍA. (EMITIDOS DENDE O 10/03/2018 AO 13/04/2018)

En virtude do estipulado no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades locais, dáse conta ao Pleno da Corporación dos decretos emitidos dende o 10 de marzo ao 13 de abril de 2018, que comprenden os números de 86 ao 116 ao obxecto de que os/as concelleiros/as teñan constancia do desenvolvemento da administración municipal, e aos efectos do control e fiscalización dos órganos de goberno, previstos na LRBRL (Lei reguladora das Bases de Réxime Local).

O pleno tomou razón.

5º.- DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2017

Informase, á Corporación da Resolución de aprobación da Liquidación do exercizo orzamentario 2017 nº 102/2018 de 28 de marzo de 2018; sendo o remanente de tesoureira para gastos xerais de 494.465,43 euros; e dáse conta da emisión da copia da liquidación do orzamento xeral de 2017 aos órganos competentes.

O Pleno tomou coñecemento

6º.- DAR CONTA DE INFORMES ECONÓMICOS.

Dáse conta ao Pleno do estado de débeda a 31.12.17 e de Certificación de activos financeiros.

Comenta a Sra. Interventora que constan dous avais a favor de Augas de Galicia e da Consellería e que sería convinte ver que se vai facer porque se están pagando por eles intereses.

O Sr. Alcalde sinala que corresponden aos dereitos de explotación da minicentral do pantano das Forcadas ou que tamén poder corresponder ao aval da obra que estaba prevista.

A Sra. Interventora solicita que se lle pase toda a documentación referente a este asunto.

O pleno deuse por enterado.

7º- ROGOS E PREGUNTAS.

INTERVENCIÓN GRUPO MUNICIPAL BNG.-

Sr. Ameneiros Serantes.-

*.- Esta aberto prazo para solicitar o bono social eléctrico. Rogo que o Concello informe desta posibilidade e da documentación a aportar.

Sr. Alcade.- Estase facendo.

*.-Rogo que o Concello reitere aos veciños a necesidade de limpar os montes.

*.-Solicito que se lle indique a Viaqua a conveniencia de poñer na web municipal os resultados das analíticas da auga que esta empresa efectúa.

Sr. Alcalde.- En canto á limpeza de montes e plantacións están saíndo os apercibimentos e estase confeccionando un bando informativo.

Sr. Vigo Lago.- Saíu nestes días o Plan contra-incendios da Xunta, onde se pretende a colaboración cos concellos.

Sr. Alcalde.- Pedimos á Consellería de Medio Rural, a información sobre o Plan.

Sr. Rodríguez Fernández.- Valdoviño ten un problema moi grave, en caso de incendio en Campelo, zona que Defensa tería que ter desafectada.

Sr. García Alonso.- Non había neste asunto colaboración da FEGAMP?

Sr. Alcalde.- A FEGAMP é un axente da colaboración de Concellos coa Xunta no tema dos incendios. Para evitar incendios é fundamental ordenar as plantacións e ter as franxas limpias.

INTERVENCIÓN GRUPO MUNICIPAL U POR V.-

Sr. Bacorelle Robles.-

*.- Sabese algo da aparición de lobos en Vilaboa?

Sra. Sabín Fernández.- Apareceron varios animais na zona de Vilaboa e Loira mortos e comidos. Avisouse á Xunta de Galicia, que non deu solucións claras.

Sr. Alcalde.- Conversei sobre isto co Director Xeral de Conservación da Natureza e me confirman a presenza de manadas permanentes de lobos no Forgoselo (Zona das Pontes) e nas Euchousas (Somozas).

Sr. Bacorelle.-

*.- Publicaron na prensa que o Tribunal Superior ratificou a anulación da sentenza da Unidade de Actuación nº2 (Zona no castro, na Saiña).

Sra Secretaria.- Non chegou comunicación ao Concello.

INTERVENCIÓN GRUPO MUNICIPAL CENVAL.-

Sr. Beceiro Rodríguez.-

*.-Resolveu a parcelaria algo do que estaba pendente?

Sr. Vega Fernández.- O enxeñeiro que veu á última vez, tomou nota de todas as incidencias.

Sr. Alcalde.- Están vindo a facer comprobacións.

Sr. Rodríguez Fdez.- Hay fincas sin artigos, e así non se poden entregar fincas.

Sr. Vigo Lago.- Non os van facer, ás que coinciden con Rede Natura.

Sr. Ameneiros.- E na zona do Val non fixeron ningún.

Sr. Alcalde.- A Xunta non vai a facer os antigos e está denunciado polos propietarios á Unión Europea.

Sr. Beceiro.-

*.- A edificación que se tirou de quen era?

Sr. Alcalde.- Do Concello. Era unha ruina, que no documento de equidistribución non estaba xa contemplada. Consta informe técnico xustificativo da demolición. Ademais era preciso o derribo, por ser un foco de atracción de velutina (polas hedras), aparte da ruina en sí.

INTERVENCIÓN GRUPO MUNICIPAL DO PP.

Sr. Vigo Lago.-

*.- A parcela municipal que no meu mandato se descubriu coma municipal, de 40 hectáreas, sita en Pantín. Vaise limpar?

Sr. Alcalde.- Está xestionando a Xunta.

Sr. Vigo Lago.- A miña idea era limpala e despois prantar, porque sería un beneficio para o Concello. Hai un documento da Xunta, conforme liberou ese terreo para Valdoviño.

Sr. Vigo Lago.- Vai haber este ano axudas e contratos de persoal para mantementos?

Sr. Alcalde.- Hoxe, mandararonos comunicación sobre esto da Consellería.

Sr. Rodríguez Fernández.-

*.- Como está o expediente de rueiro?

Sr. Alcalde.- Estase tramitando, hai que darlle publicidade ao acordado, envialo ao INE, etc...

*.- E o expediente do planeamento municipal?

Sr. Alcalde.- A empresa non pode continuar, por estar en concurso de acreedores. Hai que sacalo á licitación para contratar o servizo (a nova empresa adxudicataria poderá partir do documento que xa hai).

*.- Esta adxudicado o servizo do camping municipal?

Sr. Alcalde.- Os licitadores (UTE) teñen que aportar documentación.

*.- Quero facer constar que na praia do Rio en Meirás, estamos quedando sen praia. A pasarela de madeira está moi destragada e sería preciso quitar as canaveiras, que están danando a zona.

*.- Reitero a urxente necesidade da limpeza no monte Campelo, porque Valdoviño sofre un grave perigo en caso de ocasionarse un incendio nesa zona.

Rematado o turno de rogos e preguntas, cando eran as vinte e unha horas e corenta minutos, o Sr. Alcalde- Presidente declara rematada a sesión. Do que coma Secretaría, estendo a presente acta e CERTIFICO

V. e Pr.
O Alcalde.

A Secretaría,